

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA), por medio dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández, Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Juan Manuel Fajardo Recouso** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á elaboración acordada cos sindicatos de clase do plan industrial para os esteleiros públicos da ría de Ferrol.

### Exposición de motivos

A empresa pública Navantia sofre a pésima xestión política duns gobernos do PP que desenvolveron nestes anos unha axenda oculta para afogar as capacidades dos estaleiros públicos da ría de Ferrol, capacidades extraordinarias para procurar un contributo ao desenvolvemento económico e social de Ferrolterra e que fundan o, descoidado polos sucesivos gobernos, carácter estratéxico desta industria para o noso país.

A centralización da xestión e a imposición dunha estrutura organizativa e funcional equivocada, sumada á incapacidade da área comercial para conseguir novas contratacións e á negativa do goberno a avanzar investimentos produtivos e programas de construción que dependen das súas propias decisións, configuran unha intervención política errática causante da evidente falta de rumbo vixente nunha empresa e sector fundamentais para a industria galega e para o desenvolvemento de Ferrolterra.

O estrangulamento executado polos gobernos do PP comporta ademais unha salvaxe violencia socioeconómica sobre a poboación da zona, logo de sucesivas reconversións frustradas, vetos europeos e abandono por parte dos gobernos da quenda restauracionista. Exemplo paradigmático son as mentiras electorais comprometidas e

que se esvaeceron na práctica gubernamental de Núñez Feijóo e Rajoy: o dique flotante, a armada de buques mexicana desaparecida ou un Astano que segue sen construír buques, ou as dúbidas incesantes sobre o terceiro flotel que ía ir aos estaleiros de Vigo.

O desacougante balance contable no pode ser máis negativo a causa da caída das vendas y dos niveis de contratación, o alto nivel de endebedamento e o desequilibrio patrimonial existente, que abocan ao goberno central a actuar de maneira decidida para capitalizar a empresa pública.

Navantia Ferrol e Navantia Fene, Bazán e Astano, son – malia aos gobernos sucesivos – un conxunto industrial con gran capacidade tecnolóxica chamado a xogar un papel tractor no marco dun novo modelo de desenvolvemento industrial que comparta coas universidades e centros tecnolóxicos – como tería que ser o CIS de A Cabana – o núcleo de I+D+i de la construción naval pública galega. Unha oportunidade para crear riqueza social e emprego estable e con dereitos: toda unha alternativa política e social ao desmantelamento industrial que propician as políticas do PP.

Os estaleiros públicos da ría de Ferrol representan o futuro das comarcas nas que están radicados, pero para iso requírese un compromiso público estable para manter e ampliar en cada un dos seus centros a súa actividade principal histórica, a construción naval; para ampliar a participación das traballadoras e traballadores e garantir os seus dereitos laborais; para desenvolver a capacidade tecnolóxica, a calidade, o deseño, a formación especializada e a permanente, a cualificación profesional e a especialización en buques, plataformas e outros produtos de alto valor engadido; para ampliar o emprego público e rexuvenecer as plantillas, para facer posible a actividade construtiva plena dos estaleiros; e cun marco de relacións laborais no que se garantan os dereitos económicos e sociais e se homoxeneicen as condicións para o conxunto da empresa.

Ferramenta clave para desenvolver o futuro que supoñen os estaleiros públicos da ría de Ferrol resulta ser a aprobación dun plan industrial, que sexa acordado coa representación sindical da plantilla. Non se pode continuar a adiar este documento estratéxico a causa de cálculos electorais; urxe a negociación deste plan.

Un plan industrial cuxos lineamentos non poden esquecer:

- A titularidade e xestión pública dos estaleiros co compromiso estatal de recoñecer a Navantia e ao sector naval como un sector estratéxico para o Estado.
- O pulo ao contrato entre o ministerio de defensa e Navantia coa planificación das necesidades da armada española, comezando pola nova serie de fragatas F-110.

- O desenvolvemento dunha política comercial de Estado que elabore un programa integral de actuacións de carácter comercial, que fomente a exportación de produtos realizados nos estaleiros.
- A execución dun programa de investimentos produtivos que afirme a capacidade dos estaleiros da ría de Ferrol, e no que se constrúa o dique flotante, un novo dique terrestre e aquelas outras actuacións que afortalen a mellora dos procesos produtivos e das instalacións.
- A potenciación da capacidade operativa e técnica que permita a execución de proxectos industriais integrais con recursos propios planificados reducindo así as subcontratacións.
- A descentralización dos departamentos de compras, aprovisionamentos, enxeñaría, comerciais, etc., entregando así eficacia e autonomía aos estaleiros públicos da ría de Ferrol.
- O rexuvenecemento e ampliación das plantillas como mecanismo necesario para os desenvolvementos futuros, coa garantía do mantemento de todos os centros e das plantillas que se deriven deste proceso.
- O desenvolvemento e impulso das liñas de negocio preferentes e a aposta polos sectores de carácter civil con maiores marxes de negocio e de maior valor engadido, xunto a unha diversificación industrial en produtos de alto valor engadido.
- A constitución dun polo de investigación e innovación coa participación do sistema universitario galego e do ministerio e da Xunta para o desenvolvemento de novas tecnoloxías e proxectos.
- O impulso as salas técnicas na orde tecnolóxica, de persoal, equipamento técnico e formación continua.
- A fonda remoción do cuadro directivo e gestor da empresa coa súa profesionalización. O establecemento de garantías para que o comité de dirección, integrado pola presidencia e a dirección dos diferentes departamentos, sexa constituído por persoas con coñecemento na materia e capacitación para conseguir unha estrutura organizativa acorde aos obxectivos anteriormente propostos.
- A ampliación do espazo de participación real da plantilla na toma das decisións básicas da empresa pública.

- A elaboración dun plan integral de formación que descansa na formación continua da plantilla e do personal das industrias auxiliares, con especial fincapé na prevención en materia de seguridade e saúde laboral.
- O desenvolvemento dunha actuación integrada para a industria complementaria e auxiliar, para superar que sexa un mero dispositivo para abaratar os custos da forza de traballo. Este incorporará ao convenio con Navantia a relación con estas industrias e o cumprimento dos compromisos de recolocación de 1999.

Este plan industrial de futuro ten que acompañarse de actuacións de emerxencia para aumentar a carga de traballo: o adiamento das ordes de execución das F-110 e dos BAM, a construción do dique flotante, a aceleración dos procesos construtivos dos submarinos S 80, etc.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a que demande do goberno central a elaboración urxente, e de acordo coa representación sindical das traballadoras e traballadores dos estaleiros públicos, do plan industrial de Navantia, sobre a base dos contidos recollidos nesta proposición.

En Compostela, a 25 de febreiro do 2016.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso



**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 25/02/2016 11:52:03**

**Anton Sánchez García na data 25/02/2016 11:52:10**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 25/02/2016 11:52:15**

**Eva Solla Fernández na data 25/02/2016 11:52:18**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 25/02/2016 11:52:23**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 25/02/2016 11:52:24**